



À "... a imaxe da *xungla*, un mundo en que só contaba a forza bruta e que se rexía conforme a unha orde creada polos que retiñan esa forza co fin de someter os que non a posuían."

O vindeiro mes de febreiro cumpriranse cento dez anos do inicio da publicación de *A xungla*, do escritor estadounidense Upton Sinclair.

*A xungla*

é unha novela que se publicou por entregas ao longo do ano 1905 no xornal socialista

*Appel to reason*

. A súa lectura tívome ocupada, e marabillada, nestas últimas semanas.

Souben dela por casualidade, escoitando un programa de cultura mentres viaxaba fóra do país. A recensión que alguén fixo a través das ondas provocou a miña curiosidade e tempo despois tiven o libro entre mans, unha edición con presentación do escritor e investigador César de Vicente quen explica que esta obra é o resultado do encargo do editor de *Appel to reason* e que é a primeira novela do denominado realismo socialista.

Upton Sinclair realiza un relato pormenorizado da situación da clase traballadora na cidade de Chicago, metonimia do funcionamento do sistema capitalista: un mundo en que os máis humildes, traballadores moitos deles inmigrantes, fican condenados a unha vida de miseria da

que a penas conseguen saír cando morren. Sinclair crea unha ficción e unha personaxe protagonista, o lituano Jurgis Rudkus, coa que viaxa ao longo dos distintos sectores produtivos da cidade e tamén aos escuros espazos dos desempregados: vagabundos, esmoleiros, delinquentes ... e deste xeito retrata fielmente o Chicago de 1905, sen deixar atrás referencias concretas a feitos reais como as folgas no transporte ou nos matadoiros, ou os mitins socialistas previos ás eleccións de 1905 (en que Roosevelt revalidaría a presidencia). A través da vida de Jurgis, Sinclair analiza a precariedade laboral dos obreiros non especializados, a explotación a que os somete o sistema capitalista impoñendo unhas condicións laborais e salariais que se aproximan do escravismo, e explotando de novo aos traballadores de maneira indirecta mediante o control do comercio da alimentación, dos alugueiros, de todas as necesidades básicas que teñen case a condición de luxo para a clase obreira.

O certo é que a novela de Sinclair é dunha extremada dureza, especialmente cando retrata o funcionamento dos matadoiros de gando, algo que chegou provocar a apertura dunha investigación e a posterior modificación da lei, mediante a promulgación da Lei de Inspección da carne e a Lei de Pureza dos alimentos e as Drogas, asinadas por Roosevelt o 30 de xuño de 1906. Porque Sinclair, a través da palabra literaria difundida por un medio de comunicación que buscaba axitar as consciencias, deixou constancia de que os conceptos seguridade e hixiene non tiñan lugar naquel inferno produtivo. E así lemos: "*Con este material se fabricaba a chamada "carne embalsamada", que ocasionou máis vítimas entre os soldados americanos durante a guerra de Cuba cás balas dos españois*". Mais tan horrendas como as descrición do traballo nos matadoiros, eran os relatos da vida das traballadoras e os traballadores e iso non provocou cambio ningún. Como di César de Vicente na Presentación: "*o conflito central da Xungla, a loita contra as condicións dos sistema capitalista, quedou intacto*".

Mentres lía a novela, fun reparando nas personaxes femininas, mulleres dobremente escravizadas. Se a novela retrata a explotación laboral de mulleres e homes, no caso das mulleres ten que referirse á explotación sexual intimamente ligada á primeira. Mulleres que para manter o seu traballo e o da súa familia teñen que permitir os abusos dos capataces, mulleres que só conseguen sobrevivir prostituíndose. A situación era tan extrema que o narrador escribe: "*Nin mulleres nin nenos tiñan cabida naquel mundo; canto antes o abandonaran, mellor para eles*".

Sinclair relata os padecementos destas mulleres incorporadas a un traballo insalubre poucos días despois de parir ou parindo nas peores condicións e sen axuda médica (todo un luxo que quen podía pagar) até morrer mesmo; fala da trata de mulleres levadas enganadas ao país en que se realizan os sonhos e acababan en prostíbulos despois de ser violadas e drogadas até convertelas en adictas ... putas que cando conseguían un pouco de diñeiro enseguida lles

desaparecía, “*Mais entón aparecían os cargos en concepto de hospedaxe e comida... e a que prezos; non o crerías!... Hai que aceptalo ou marchar, sen máis alternativa. E onde quer que fose as cousas serían iguais*”.

Estas mulleres que aparecen na novela son as mesmas obreiras que tomando conciencia da súa situación acaban por provocar mobilizacións que hoxe lembramos cada 8 de marzo baixo a forma dunha mítica folga das traballadoras téxtiles queimadas polo empresario dentro da fábrica. Hoxe sabemos que non foi exactamente así. Que realmente foron moitas as folgas e as reclamacións, que o activismo de socialistas e comunistas foi decisivo na toma de conciencia, que foi decisiva a mobilización das rusas contra a guerra e a proposta de Clara Zetkin. Elas dobremente explotadas, dobremente alienadas, tiveron que romper aínda máis barreiras porque se enfrontaban á morte, real ou metafórica. “*Falo pola moza que nestes momentos percorre algunha rúa desta horrenda cidade e, abatida, languidecendo de inanición trata de optar entre o bordel e as augas do lago.*” di

un orador socialista ante un auditorio de traballadoras e traballadores, provocando as súas conciencias.

Ao final da novela, aparece unha personaxe, o sueco Nicholas Schliemann, de quen se serve o autor para recoller algunhas ideas que aínda hoxe nos deben facer reflexionar, ideas como estas: “*Que se trataba do matrimonio? Este e a prostitución, eran as dúas caras dunha mesma moeda: unha explotación que ese depredador que é o home fai do pracer sexual.*”; ou estas: “

*Despois da revolución, a muller sería libre e non precisaría venderse para vivir*.” Ou aínda: “

*A maior barreira que se opoñía á civilización era o modelo de fogar e a primeira tarefa que tiña que acometer a intelixencia moderna era a emancipación da muller*

.” Pois iso!

Mais o caso é que, cento dez anos despois, moitas das páxinas da *Xungla* ben poderían describir as situacións de hoxe. Cando leo: “

*A min esas ideas non me interesan. Eu son un individualista!*

” non podo deixar de lembrar a todos os que se negan a unha realidade mellor porque eles non se meten en política, esas cousas non lles interesa, só se ocupan do seu. Son individualistas! “

*Pesar que había xente que non quere abrirse á experiencia de vivir libres e iguais*

” e hai, aínda hai.

César de Lorenzo clasifica a novela como realismo socialista, xunto con outras obras como *A nai*

## 110 anos de A xungla

Escrito por Marta Dacosta  
Luns, 26 Xaneiro 2015 09:52

---

de Gorki (1907), que logo pasaría ser a gran novela deste movemento. Nas súas palabras “*a novela debuxa o espazo da toma de consciencia da personaxe (elemento estrutural esencial nas novelas do realismo socialista) que substitúe o relato de formación da novela burguesa tan estendida na época*

.” E sinala tamén que a novela pretende alterar “*o campo literario introducindo un discurso sobre a xustiza social: sobre a igualdade na distribución dos recursos e oportunidades, sobre participación igualitaria no poder.*”

A xungla é unha novela escrita desde o proletariado e para o proletariado, co proletariado como protagonista e que traslada unha mensaxe de que a sociedade é transformábel. Aínda é transformábel.

**Nota:** todas as citas están extraídas da edición publicada por Capitán Swing en 2012, na colección Polifonías, en tradución para o español de Antonio Samons, revisado por Jorge Cano e con presentación de César de Vicente.

**Marta Dacosta, xaneiro 2015.**